

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL E TAREFAS EXTRAESCOLARES

As titorías levaranse a cabo os martes de 17:30h a 18:30 h; no caso de que algunha familia teña imposibilidade de acudir nese horario, poderá concertar outra hora directamente co titor/a no caso de que este teña dispoñibilidade.

O procedemento para solicitalas realizarase a través de AbalarMóbil, da axenda do alumno/a ou mediante conversa directa. As familias que pidan cita terán preferencia sobre aquelas que veñan os martes sen previo aviso, polo que non podemos garantir que sexan atendidas.

Para favorecer a funcionalidade das visitas, os/as titores/as informarán sobre os aspectos académicos do alumnado en todas as áreas, polo que é imprescindible a comunicación cos especialistas. No caso de ser precisa unha reunión específica con dito mestre/a, a familia será informada, procurando que esa reunión se produza o mesmo día da visita.

A titoría do alumnado é un aspecto fundamental de relación educativa, sendo clave no proceso educativo e escolar do alumnado.

Os obxectivos básicos a conseguir serían:

1. Coñecer ao alumnado no aspecto académico e persoal.
2. Informar ao equipo docente das características do grupo e alumnado.
3. Facer un seguimento da evolución do alumnado en base ás pautas de avaliación consensuadas.
4. Adoptar as medidas necesarias para dar resposta educativa a cada alumno e alumna.
5. Informar ás familias dos obxectivos do curso e criterios de avaliación.
6. Implicar ás familias no proceso de ensino - aprendizaxe na medida do posible. Papel dos pais/nais neste proceso, normas da casa, necesidade de coeducar, ocio, tempo libre, responsabilidade, actividades extraescolares...
7. Cubrir os documentos oficiais de avaliación relativos ao grupo de alumnas/os.

Para conseguir isto o profesorado:

1. Coñecerá as características de cada alumno/a, revisando ao comezo de curso, a documentación e expediente académico e tendo unha reunión co profesorado do ciclo ou etapa anterior.
2. Acollerá ao novo alumnado de incorporación ao centro, seguindo o Plan de acollida establecido: reunión coas familias, visita do novo alumnado, coñecemento de instalacións e funcionamento do colexio...
3. A orientadora e as titoras de 6º de primaria, reunirse coa orientadora do IES ao que estamos adscritos para informar das características do alumnado, sobre todo de aqueles que van precisar reforzo ou apoio.
4. O profesor/a reunirse co equipo docente sempre que sexa necesario ademais das sesións de avaliación e coas familias ao comezo de curso, por titorías, ou en ciclo para lles informar dos obxectivos do curso e o plan de traballo a seguir.
5. As familias recibirán unha información trimestral da marcha académica do seu fillo/a mediante AbalarMóbil.
6. Levará a cabo un seguimento global da aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades específicas de apoio educativo e realizar os apoios e/ou actividades axeitadas, mantendo informadas ás familias.

Co respecto ás tarefas extraescolares segundo a disposición adicional 3ª do Decreto 105/2014 polo que se establece o Currículo da Educación Primaria en Galicia, os centros docentes poderán incluír dentro da súa PXA (Programación Xeral Anual), segundo o marco de autonomía pedagóxica e organizativa, os criterios xerais e pautas sobre o uso das tarefas Extraescolares na Etapa da Educación Primaria.

En sesión de Claustro celebrado o día 27 de xaneiro de 2026, acordouse por unanimidade permitir a realización de tarefas extraescolares, deberes para o alumnado, fóra do horario escolar, por ser considerada esta unha medida axeitada para o seu correcto desenvolvemento, sempre facendo un uso racional das mesmas.

A continuación mostramos os criterios e pautas que regulan as tarefas extraescolares no noso centro nos diferentes niveis educativos.

TAREFAS EXTRAESCOLARES (DEBERES)		
CURSO	TAREFAS HABITUAIS (DIARIAS)	TAREFAS PUNTUAIS
INFANTIL	<ul style="list-style-type: none"> • escoita activa de contos • Días da semán e rutinas • Iniciación lectoescritura • Rutinas de autonomía. 	<ul style="list-style-type: none"> • Relacionadas coas celebracións, festivais, temáticas, proxecto de biblioteca • Manualidades varias. • Empréstimo do conto (fin de semana) • Mascota de aula • Proxectos lectoescritura/lóxicomatemáticos.
1º PRIMARIA	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura/escritura adaptada ao nivel do alumnado. • Préstamo de libros. 	<ul style="list-style-type: none"> • Exposición orais. • Relacionadas coas celebracións, festivais, temáticas, proxecto de biblioteca. • Tarefas de reforzo e/ou inacabadas.
2º PRIMARIA	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura/escritura adaptada ao nivel do alumnado. • Préstamo de libros. • Tarefas de lóxica/matemática de afianzamento do traballado na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> • Exposición orais. • Relacionadas coas celebracións, festivais, temáticas, proxecto de biblioteca. • Tarefas de reforzo e/ou inacabadas.
3º PRIMARIA	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura/escritura diaria • Repaso • Pequenas tarefas das distintas áreas. • Tarefas non rematadas na clase. 	<ul style="list-style-type: none"> • Relacionadas coas celebracións, festivais, temáticas, proxecto de biblioteca. • Tarefas de reforzo e/ou inacabadas.
4º PRIMARIA	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura/escritura diaria • Repaso • Pequenas tarefas das distintas áreas. • Tarefas non rematadas na clase. 	<ul style="list-style-type: none"> • Relacionadas coas celebracións, festivais, temáticas, proxecto de biblioteca. • Tarefas de reforzo e/ou inacabadas.
5º PRIMARIA	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura/escritura diaria • Repaso • Pequenas tarefas das distintas áreas. • Tarefas non rematadas na clase. 	<ul style="list-style-type: none"> • Traballos de investigación. • Exposicións orais. • Estudo e preparación de probas que se realizarán cunha data concreta. • Lecturas e actividades de reforzo en períodos de vacacións (se procede) • Visionado de pequenos videos.
6º PRIMARIA	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura/escritura diaria • Repaso • Pequenas tarefas das distintas áreas. • Tarefas non rematadas na clase. 	<ul style="list-style-type: none"> • Traballos de investigación. • Exposicións orais. • Estudo e preparación de probas que se realizarán cunha data concreta. • Lecturas e actividades de reforzo en períodos de vacacións (se procede) • Visionado de pequenos videos.